



**David Soengas Ben
(Mos, 1977)**



**XUNTA
DE GALICIA**

O renacer do lugar onde se traballa a pedra

«Para ben ou para mal, traballar na catedral de Santiago de Compostela foi unha escola para todos nós». Esa é a sensación coa que quedou David Soengas, un experimentado canteiro, despois de varios anos de traballo no templo por excelencia. Con dezaioito anos viu a oportunidade de agarrarse a un oficio e, despois de cursar un módulo no Centro Tecnolóxico do Granito, estivo tres anos na Escola de Canteiros de Poio.

«Aprendes cos compañeiros, coas obras, con ter valentía...». Hoxe é o responsable de Murua, S.C. Un nome que na lingua dos arxinas significa o lugar onde se traballa a pedra.

Para traballar en Compostela recrutou varios muruáns que pouco a pouco se afixeron á especial encomenda. Falar sobre o oficio con este emprendedor -que entre outros recoñecementos recibiu o Premio de artesanía de Galicia en 2008 na categoría de Novos Creadores- é todo un descubrimento. «Teño moita bibliografía», di mentres explica que a de canteiro é un profesión nómade, de autoestima inherente que se foi reinventando sen deixar de beber da tradición.

David ten o seu obradoiro na aldea de Rececendes, en Antas de Ulla, nunha palleira que herdou da súa familia e dende a que o seu espírito inquieto segue a preparar as próximas encargas. Pronto tocará volver á catedral de Ourense. «Foron os canteiros os que fixeron as grandes obras en Galicia», reivindica mentres reflexiona sobre o futuro da profesión.











A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

